

A tribo

EDI DO FEAL



EDITORIAL: pax 2

¿ QUEN DIXO QUE A LINGUA É ABURRIDA ? : pax 3

O VOLCÁN
DAS PALABRAS:
pax 22 - 23

FOMOS ALÍ. Excursión a Santiago: pax 4

¿ QUE É UN PARADOXO ? Descubrímolos: pax 5 - 7

COMO TRABALLAMOS A ARTE FLORAL. Os Maios: pax 8

JE T´ AIME: pax 21

OS TALENTOS LITERARIOS DO NOSO CENTRO

Somos ecolóxicos.
WE ´ RE GREEN:
pax 24 - 25

Poemas: pax 9 - 10

Poesía gañadora no XVI certame intercentros: pax 11

A Pirámide Nílica: pax 12 - 14

Chegas Tarde: pax 15 - 16

Cóntame un conto: pax 17 - 19

O mono que quería nadar: pax 20

HORÓSCOPO:
pax 40 - 41

¡ COMO MEDRAMOS !

A poboación de Narón nos últimos dez anos: pax 26 - 27

O Que Nos Deixou O ANTROIDO 2005: pax 28

FOTONOVELA: pax 30 - 31

TAMÉN OPINAMOS

- Tsunami: pax 36 - 37

- Os Xogos de Rol: pax 38

SABÍAS QUE ?????

O Enigma de Rómulo e Remo: pax 29

CÓMIC: pax 34 - 35

Os nosos pais e nais tamén nos axudan:

Talleres: pax 32

Falan as nosas nais: pax 33

COCIÑAR É DOADO: pax 39

FOTOS PARA LEMBRAR: pax 42 - 44

EDITORIAL

" Para educar a un neno hai que educar a toda a tribo "

Este é un lema africano que nos serviu de inspiración e que nós adoptamos como nome para a nosa revista. Identifícanos e identifícamonos con el, sen dúbida.

A fin de contas, iso é o que somos, unha tribo. Non só compartimos vivencias senón que, entre todos, contribuímos a formar persoas, os adolescentes de hoxe, que son un caudal inesgotable de estímulos para nós.

Algúns membros desta tribo - alumnos e profesores - marchan hoxe a unha tribo diferente, pero que non esquezan que murchan as follas pero as raizames perviven.

O noso infinito agradecemento a todos aqueles que fixeron posible que teñades este número nas vosas mans.

¿Quen dixo que a lingua é aburrida? ¿Fuches ti? Pois, le!

Desde 4º de diver proñoñemosche xogos difícilísimos, só para intépidos.

Atévete!!!

Un texto na que cada palabra segue a orde alfabética...

Amor **b**aillando
cando **d**esespero **e**ncontro **f**rustracións.
Gacela, habitante ideal,
lagoa maligna, noite, oasis, paisaxe.
Rapidez sensorial.
Temor usual.
Vexo xente zigzagueando.

Antonte biqueino cabo do Eume,
fixeno gozando.
Habitualmente imaxínome loitando,
metida no orgullo,
para que resista sempre,
tendo unicamente valor,
xamais zafándome.

Palabras que nunca existiron...

Malocotón: algodón inglés de pouca calidade

Nacional: dise de calquera do país que foi parido con dificultade.

... Ou significados que nunca existiron

Caracol: dise do que pon cara de estar nas verzas.

Altofalante: dise dos que se dedican a parar aos que van charlando.

Frases nas que as palabras só empezan por unha letra...

Accedín **a** amarte **a**índa **a**cabada **a** amizade.

Balancéome **b**aixo **b**risas, **b**aillando **b**aladas **b**rasileiras.

Cabalguei **c**on **c**alma, **c**ruzando **c**amiños, **c**onquistando **c**umes...

Diante **d**o **d**emo, **d**ispuxen **d**erribalo **d**irectamente

Estiven **e**legante, **e**mpreguei **e**norme **e**sforzo **e** expresei **e**speranza.

Excursión a Santiago

O día da excursión a Santiago púxenme moi contenta. Saímos do colexio ás 9:00, e no autobus pasámo-lo moi ben. Chegamos a **TVG** ás 10:30 e alí vimos moitos platós, uns grandes e outros pequenos; tamén vimos como emitían en directo os informativos.

Logo fomos ó **Parlamento Galego** e alí tivemos que agardar un anaquiño a que viñese o noso guía. Primeiro fomos ver unha sala onde os políticos agardan ata que empezan as súas xuntas. Despois fomos ver a sala de plenos onde se xuntan. E de último fomos ver a súa biblioteca que é moi chula e ten moitísimos libros.

Logo fomos comer ó **restaurante universitario** e comimos: patacas fritidas con lomo e macarróns, e de postres eu comín un flan. Mentres non marchabamos, xogamos un anaco por alí fora.

Por último fomos a visitar a **Catedral**, e fomos camiñando. Cando chegamos á Catedral comezamos a facer moitísimas fotos. Entramos pola **Porta Santa** e fixemos un percorrido pola Catedral. Despois compramos algúns recordos. Cando iamos cara ó bus pasamos por diante dun estanque onde había moitos cisnes e patos, entón tamen fixemos fotos.

Subimos ó autobús e viñemos de volta ó colexio.

Graciela Muiño Sande



Paradoxos Matemáticos

¿Que é un paradoxo? Un paradoxo é unha declaración en aparencia verdadeira que conleva a unha auto-contradición lóxica ou a unha situación que contradí o sentido común. En palabras sinxelas un paradoxo é "o oposto ó que un considera certo". Neles plantéxase unha situación de aparente coherencia pero que contén contradicións. Algúns paradoxos só parecen selos, xa que o que afirman é realmente certo ou falso, outros autocontrádinse polo que se consideran verdadeiros paradoxos, mentres que outros dependen da súa interpretación para ser ou non paradoxos.

Un dos máis coñecidos, o menos entre os matemáticos, é o paradoxo do Quixote:



...no tempo que Sancho foi gobernador da ínsula Barataria, tivo que resolver interesantes situacións e preitos que lle plantexaban ós seus "súbditos" para que el fixera xustiza. Asombrou a todas coas atinadas decisións e os vereditos que adoptaba.

-Señor, un caudaloso río dividía dous termos dun mesmo señorío. Digo, pois que sobre este río estaba unha ponte e o cabo dela unha forca e unha como casa de audiencia, na cal de ordinario habría catro xuíces que xulgaban a lei que puxo o dono do río, da ponte e do señorío, que era nesta forma:

"se alguén pasar por esta ponte dunha parte a outra ha de xurar primeiro a onde e a que vai; e se xurar verdade, déixenlle pasar, e se dixer mentira, morra por iso aforcado na forca que alí se mostra, sen remisión ningunha". [...]


Sucedeu, pois, que tomando xuramento a un home, xurou e dixo que para o xuramento que facía, que ía morrer naquela forca que alí estaba, e non a outra cousa. Repararon os xuíces no xuramento e dixeron: "se a este home lle deixamos pasar libremente, mentiu no seu xuramento, e conforme a lei, debe morrer; e se o aforcamos, el xurou que ía morrer naquela forca, e habendo xurado verdade, pola mesma lei debe ser libre". Pídese a vosa mercede, señor gobernador, que faran os xuíces con tal home; que aínda agora están dubidosos e suspensos.

PARA COÑECER A "SOLUCIÓN" QUE DÁ SANCHO, LE O CAPÍTULO LI s.p.

O Filósofo grego Zenón de Elea propuxo unha serie de paradoxos que dicían que o movemento non era posible xa que para que unha persoa percorra unha distancia, antes debe percorrer a metade e antes a cuarta parte, e así sucesivamente. Se debe percorrer unha suma infinita de fraccións é imposible que se mova.

O paradoxo máis coñecido é sen dúbida o de "**Aquiles e a Tartaruga**".

Aquiles foi un heroe homérico famoso pola súa rapidez, non obstante, Zenón empeñouse en demostrar que nunha carreira na cal se lle dá vantaxe á tartaruga, Aquiles nunca podería alcanzala, porque mentres Aquiles percorre o camiño que a tartaruga levaba de vantaxe, a tartaruga levará percorrido outra porción aínda máis pequena. Cando Aquiles percorra esta última porción, a tartaruga avanzaría outra porción máis pequena, e así a tartaruga levará sempre a vantaxe ata en espazos infinitamente pequenos co cal Aquiles non poderá alcanzala.



¿Sabes cal é a solución?

Solución:

Supoñamos que Aquiles é 5 veces máis rápido que a tartaruga e que lle dá unha vantaxe de 5 km.

Cando Aquiles alcanza os 5 km, a tartaruga avanza 1 km e cando Aquiles alcanza 1 km a tartaruga avanza 1/5 km. Este proceso é infinito polo que Aquiles parece que non alcanza a tartaruga.

TRAMOS DE AQUILES = $5 + 1 + 1/5 + 1/25 + \dots$

TRAMOS DA TARTARUGA = $1 + 1/5 + 1/25 + \dots$

Estas sumas de infinitos termos dunha progresión xeométrica de razón menor que 1

calcúlase pola fórmula $S = \frac{a_1}{1-r}$, a_1 = primer termo e r = razón

TRAMOS DE AQUILES = 6' 25

TRAMOS DA TARTARUGA = 1' 25

Como a tartaruga tiña unha vantaxe de 5 km, ó percorrer un 6' 25 e a outra 1' 25 coincide no mesmo punto.

OUTROS PARADOXOS:

Demostración de que $2 = 1$

Sexa		$a = b$
1)	multiplicando por a :	$a^2 = a \cdot b$
2)	restando b^2 :	$a^2 - b^2 = a \cdot b - b^2$
3)	factorizando:	$(a+b)(a-b) = b(a-b)$
4)	simplificando:	$(a+b) = b$
5)	como $a = b$, substituíndo:	$(b+b) = b$, é dicir $2b = b$
6)	simplificando	$2 = 1$

¿Onde está o erro desta demostración?

Solución: estase dividindo por cero, pois $a-b=0$



Paradoxo do barbeiro

O único barbeiro da cidade di que afeitará a todos aqueles que non se afeiten a si mesmos. ¿quen afeitará ó barbeiro?

Se non se afeita a si mesmo será unha das persoas da cidade que non se afeitan a si mesmas, co cal debería de afeitarse, sendo polo tanto unha das persoas que se afeitan a si mesmas, non debendo polo tanto afeitarse.

Certo ou falso

Sexa a frase "esta frase é falsa". Se a frase é falsa, é falso. Que "esta frase é falsa" é dicir, a frase é verdadeira. Se en cambio a frase é verdadeira, é certo que "esta frase é falsa", é dicir, a frase é falsa.

Os Maios

Infantil - Freixeiro

Cadrando co mes de Maio, traballamos a arte floral, realizamos un mosaico con flores no que participaron todos os nenos.



Poemas

Busco¹ a ese amor²,
Que⁵ algún día se perdió.
No busco dolor⁴,
solo busco amor.
Pero³ si⁶ tu⁷ no⁸ quieres⁹, princesa.
dejo que te marches de mi corazón¹⁰

Daniel Vilas Illanes - 2ºB

Tu eres para mi,
más que el olor de jazmín.
Y quiero que sepas
que te quiero.
como tu nunca me quisiste a mi
¿Y para que llorar?
¿Y para que sufrir?
Cúanto, yo ya se
muy dentro de mi
que yo para ti,
no soy más
que el abono para el jardín.

Daniel Vilas Illanes - 2ºB

Lo primero fue la letra,
lo segundo el saber.
Y gracias a la profe,
hoy me doy cuenta
que no lo quiero perder.

Daniel Vilas Illanes - 2ºB



Eres hermosa como una rosa,
eres preciosa como una mariposa.
Mi clase es grande como un elefante,
mi casa es pequeña como un infante.
La moto ruga como un león,
mi vida es dulce como un bombón.
Estrella que brillas en el firmamento,
no dejes de brillar en este momento.

Jonatan López Fortuna - 1ºC



Para la Profe

¿Qué Profe? ¡Uh!
Profe profunda
que nace en la luna.
Ojos de ángel.
piel de fortuna.
Luna, lunera,
te deja a la espera
si esa mujer fue luz
o fue tan solo una estrella.

Daniel Vilas Illanes - 2ºB

Vamonos hasta el cielo,
para decirte lo mucho que te quiero.
Vámonos hasta el infierno,
si es por ti que yo me muero.
Vámonos hasta cualquier sitio del mundo,
y yo te digo lo mucho que lo siento.

Natalia Villar - 3ºB



Eres tan hermosa,
como una rosa.
Eres tan bonita,
como una margarita.
Eres tan especial,
como una espiral.

Natalia Villar - 3ºB

Poemas




É igual la falta dun ser querido
a pena do tempo pasado
pois nos dous casos hai algo perdido
que só na memoria é lembrado.

A pena da morte duns namorados
A perda dun alma no esquecemento
son un triste camiño só alumado
por unha lanterna de dor e alaridos.

Tranquilizome porque teño esperanza
esperanza de que ocorra un milagre
que seguro será con tardanza
pois o bo sorte chega tarde.

Espero que un día só haxa alegría
e que desapareza para sempre a tristura
tamén que a antes mencionada amargura
non teña neste mundo cabida.

Din que os milagres ocorren noutro mundo
a min iso parece unha tontería
pois o ceo só está no mais profundo
da nosa alma baldía.



Ángel Serantes González - 3º ESO B

A emoción cégame de sentimentos profundos.
A respiración acelérase ó tempo do pulso.
Óense uns lixeiros compases de tambor,
o meu corazón quere saír, quere morrer de paixón.
Séntense os nosos cálidos corpos entrelazándose
nacen de novo para fusionarse nun só ser.
Saboréanse todos os recunchos da nosa pel,
cada caricia, cada bico, todo sabe a mel.
Chéirase o recendo a sangue nova
corre polas nosas veas e ó fin estoupa.
Entras en min como a pluma que se esvaece no
chan
pero agora, a plumiña, no interior, é plomo xa.
Non sei se quedar, resistir,
berrar, escaparme, irme de ti.
Os teus ollos fítanme sereos, intermitentes.
O tempo pasa.
E para todo hai unha primeira vez,
e como esta, ningunha.



Soraya Pita Freire - 3º ESO B

Poesía

Que mellor camiño hai,
que o feito dos teus pés
impulsados polos teus
pensamentos, impulsados
polos teus instintos.

A min os vosos atallos
non me serven
o meu camiño non está feito
por vosoutros.

Ata a pedra máis pequena,
ata o final do camiño,
está posto por min.

E se morro a metade do camiño
non importará,
porque está feito
sen as vosas ideas,
só co razoamento da miña cabeza.

Nin o vento, nin o frío nin o sol
me impedirán chegar.
Fareille fronte a todos os viaxeiros,
a todos os que me corten o paso,
ata o final,
ata que o corpo aguante.

David Blanco Díaz

Gañador na convocatoria de poesía do XVI Certame Intercentros

A PIRÁMIDE NÍLICA

Era verán, e eu disfrutaba dun caloroso día na praia. Meus pais estábanse bañando na auga, e eu, tomaba o sol dende a toalla. Había moito tempo que non me achegaba á praia por mor de que tivera que estudar e visitar á miña avoa (agora morta), e tiña moitas ganas de deitarme na praia, relaxado, escoitando como o susurro das ondas chegaba á beira. Eu miraba distraído cara ó ceo: como pasaban as nubes, como revoloteaban as gaivotas. De súpeto, e nisto que miro cara á dereita, encóntrome cunha persoa moi estraña. Estaba vestido cun enorme abrigo de pel e tiña unhas luvas postas. Camiñaba pola area mollada, xoguetando con ela e, cando me dei conta, atopábase ó meu carón. Sen mediar palabra ningunha, preguntoume:

- ¿Gústache Exipto?
- -Ehmm... sí—respondín eu - .
- Eu son de alá - comentoume alegremente - .
- Ah, vale. ¿E por que levas tanta roupa de abrigo posta? - preguntueille -- .
- Je,je. Porque alá vai moita calor e ó chegar aquí teño frío - respondeu sen ningunha convicción -
Por certo, chámome Nasahari Aburishkat.
- Eu chámome Alejandro. Encantado de coñecerte.
- ¿Sabes por que che preguntei o de Exipto? - dixo con misterio -- .
- A verdade é que non, pero tampouco me parei moito a pensalo - respondiulle - .
- iiiAhráskitherosòma Nahàsapéthiloma!!! - dixo con furia -- .

Quedei durmido. Así, de súpeto, sen máis nin menos. Deixoume KO nun "plis-plas", e o caso é que de alí a uns minutos, milleiros de cousas apareceron por diante miña e, de súpeto, aparecín en Exipto rodeado dun montón de xente.

- ¿Quen é este? Debeu ser obra de Nasahari Aburishkat, que lle ensinou a Pirámide Nílica. - rumoreaban os exipcios -- .
- iiSí, sí!! Iso debe ser. - Afirmaban os demais --.
- ¿¿Como?? - preguntei moi alterado -- ¿Que é o que pasa? ¿Que son eses rumores dunha pirámide níllica? ¿Que...que...? ¿Onde estou?
- Bos días estranxeiro. Benvido a Exipto. - contestoume un deles--. Eu chámome Suhant e son o faraón de Exipto.
- ¡Ah, bos días! Non sei como cheguei aquí. Eu estaba na praia... e de súpeto aparece un home que me comeza a preguntar sobre Exipto... e a dicir unhas palabras moi raras das cales saíu un obxecto...
- iii Entón xa está !!! - afirmou contento -- .
- Xa está ¿o que?
- Ti fuches transportado ao pasado gracias á Pirámide Nílica
- ¿ A queeeeeee?
- Á Pirámide Nílica. Nasahari Aburishkat, pronuncia unhas palabras estrañas para facela aparecer, e transportar así ás persoas do futuro ata o pasado. A Pirámide Nílica é un obxecto fermosísimo que o Deus Osiris rescatou das augas do Nilo e, por desgracia caeu nas mans de Nasahari, un bruxo que investiga as civilizacións futuras e trae a persoas que el cre que teñen moita información do futuro. Posteriormente, investigaas aquí.
- ¿ E que quere saber de min? - preguntei -- .
- Iso nunca se sabe. Nós estamos en contra do bruxo ese e das súas invencións, pero el amenazounos con que nos ía queimar como non lle deixáramos levar a cabo o seu plan.
- Ese home é moi cruel e eu impedirei que vos torture desa forma. - díxenlles con valentía -- .
- ¿i De verdade !? Moitísimas gracias. Sácasnos dun gran apuro. Explícoche o que tes que facer; atende ben: primeiro, deberás achegarte á pirámide de Keops (que é onde ten a súa base) e entrar nela; segundo, deberás derrotar ó escorpión diamantino que protexe a entrada á base, e, por último, deberás

entrar na base e derrotar a Nasahari cravándolle unha estaca no pé esquerdo, que é onde ten o seu punto débil.

- De acordo. Póñoome en marcha.
- Agarda, agarda. Debes coller este mapa da pirámide, que fabricamos nunca expedición que fixemos ó interior da pirámide. Tamén debes coller esta estaca para matar a Nasahari.
- Moi ben. Gracias por todo.

Collín o mapa e a estaca, e fun directo á pirámide. Polo camiño, oíanse queixidos ao lonxe, que parecían provir do interior da pirámide.

- Xuraría que esa voz é a de Suhant. - dixen para min -- .

Crucei o umbral e atravesei a pirámide lentamente, con coidado de que non caera nunca trampa mortal. Cando estiven a poucos metros da porta de entrada á base de Nasahari, un tremor estrondoso oíuse en toda a pirámide. De súpeto, un gran escorpión con diamantes incrustados no lombo, caeu do interior da pirámide e dispoñíase a matarme. Eu non sabía como matalo, pero observando a escena, decateime de que había un pequeno "boomerang" ó meu carón. Collín o " boomerang" e o lanzei coa intención de darlle ó escorpión, pero fallei. Petou na pedra de arriba, e iique casualidade!! , a pedra caeu enriba dun dos diamantes producíndolle a morte ó escorpión.

Dei brincos de alegría ó ver que morrera, pero aínda quedaba derrotar a Nasahari. Collín o "boomerang" e, facendo como se fose unha ganzúa, abrín a porta metálica da base do bruxo.

- ¿Ehhh? ¿Quen es ti? ¡Ah, sí!. Xa sei. A ti transporteiche dende o futuro. E quererás volver alá,¿non?
- Pois mira que ben, os dous coincidimos en algo. Agora vasmе devolver ó futuro.
- Si, home, si. Vaille dar a brasa a outro, porque eu non teño pensado devolverte ó futuro ata que non che saque a información que necesito de ti.
- Ben. Entón terei que darche no teu punto débil.
- Pero que dis, home, do meu "punto débil". Todo o mundo sabe que EU son invencible.
- ¿i Como !?. Entón Suhant mentiume.
- Home, claro que che mentiu. ¡Como que son eu!
- ¿¿ii Ehhhhh !!??
- iiiiiiiEhh...ahhh...ishh...aijhh...zumbhh...BOOOOOM!!!!!!

Nasahari intentara transformarse en Suhant, pero para iso necesitou a axuda do Deus Osiris. Este negouse a aceptarlle a axuda e fixo que estoupara, acabando así coa súa vida. Todo isto pasou en cuestión de segundos, e eu non sabía que facer: se mirar a ver se estaba morto, se non mirar por mor de que espertara e me matara a min... E nisto fóiseme o tempo e, outra vez, volveron a pasar milleiros de cousas por diante de min. Cando isto terminou, atopábame de novo na praia. Estaba deitado na toalla e meus pais seguían bañándose.

Cando chegaron, víronme con cara de atontado e preocupáronse por min, dado que eles pensaban que me afectara o calor:

- Alejandro, ¿ moi colorado estás?.¿ Parece que fuches de viaxe a Exipto? - dicían rindo -- .
- Sí. Xa creo que sí. - respondín rindo eu tamén -- .

E esta é a historia dun neno chamado Alejandro, que por circunstancias da vida pasou unhas "marabillosas" vacacións en Exipto.

O mal fora derrotado, pero anos máis tarde pode volver a aparecer. Estade alerta por se calquera día se vos aparece un home vestido ata a cabeza con roupa de abrigo e vos comeza a preguntar sobre Exipto. Iso é bastante sospeitoso, pero por se acaso, NON VAIADES Á PRAIA.

Alejandro Piñón Méndez

Gañador na convocatoria de Narrativa do XVI Certame Intercentros

Chegas tarde

Teño moito sono e estou moi cansa pero quero reproducir nun papel, aquí no meu diario, o que me aconteceu estes días porque senón cando esperte mañá pensarei que todo foi un soño e neste intre estou segurísima de que non estou tola, de que o que me ocorreu foi verdade e aínda que parece irreal quero aferrarme a estes recordos como se aferra un náufrago a un anaco de madeira no medio do océano. Se o esquezo "el" me gañará e a escuridade tragárame sen deixar rastro tras de min.

Todo comezou fará un par de días cando me atopaba na clase. Eu son unha rapaza duns quince anos. Chámome María. Escribo isto porque non quero esquecerme de quen son. O caso é que estaba nunha clase xunto co meu noivo Xavi e os meus amigos: Adrián, Cristina e Pablo. Falando e rindo coma sempre cando se abriu a porta e entrou un rapaz. Resultou ser un novo alumno chamado Xurxo. Despois de presentarse o profesor seguiu coa clase e el sentou ó noso carón. Eu quedei fitando para el xa que tiña algo misterioso, algo raro... non sei moi ben como explicalo pero aquel sentimento reveloume que non era un rapaz calquera aínda que esquecín aquel aviso. O que me fascinaba del non era nin o seu pelo negro, moi negro e alborotado, nin a súa tez branca coma o leite, eran os seus ollos. Aqueles ollos que aínda recordo se pecho os meus, aqueles que poñían a pel de galiña, si, eran aqueles ollos tan profundos e inhumanos. Mentres que eu o analizaba detidamente todos comezaron a falar con el, incluso eu ó cabo dun rato, e a verdade fixemos moi boas migas. Así que quedamos despois das clases para dar unha volta.

Á saída reunímonos na porta do insti para decidir a onde iamos e Xurxo propuso ir ata á súa casa xa que o seu pai traballaba todo o día e como non vivía ninguén máis con eles tiñan a casa libre. Despois de chamar á miña casa para dicir que volvería tarde volvínxo xunto os demais e puxémonos camiño da casa de Xurxo. Estaba algo lonxe do colexio e tardamos un bo rato en chegar.

Vivía nun bloque de pisos no 3ºE ó final dun longo corredor, recórdoo ben. A súa casa era grande e tiña olor a incenso ou algo así. Sentamos no salón nuns sofás ó redor dunha mesa. Estivemos un rato falando ata que Xurxo sacou un tema que nos pareceu moi interesante.

Comezou a contarnos unha historia que trataba dun monstro que habitaba a terra dende hai millóns de anos. Un monstro terriblemente perigoso que busca a unha persoa capaz de traelo ata este mundo xa que el non pode facerse corpóreo sempre no noso mundo. Só é capaz de vivir na escuridade xa que provén do interior da terra. E se este monstro conseguise chegar a nós, estaríamos acabados.

A nós esta historia soounos a trapallada pero gustounos e Xurxo propuxo facer unha cousa : a ouija para contactar con el. Todos quedamos pampos xa que realmente a idea da ouija dábanos algo de medo pero Xurxo convenceunos de que non pasaba nada xa que el non era a primeira vez que a facía e considerábaa un xogo inofensivo. Ó fin todos aceptamos aínda que agora que o recordo, desexaría non facela na vida. Colocamos o taboleiro enriba da mesa, acendemos un par de velas, baixamos as persianas e apagamos a luz. Todos puxemos o dedo índice enriba do vaso. Ó principio non pasou nada pero logo Xurxo pechou os ollos e comezou a dicir algo que ningún de nós entendía e o vaso comezou a moverse en círculos rapidamente. Todos ficamos abraídos mentres Xurxo que parecía absorto seguía falando en sabe Deus que. Entón Cristina pegou un berro e tirouse ó chan encollida como un novelo e comezou a tremer ó tempo que seguía berrando. Todos deixamos o taboleiro e tirámonos ó seu redor para axudala, ata Xurxo, xa que parecía que o berro de Cris o sacara do trance. Intentamos calmala pero non eramos capaces. Tiña os ollos abertos de par en par, desorbitados, ficando no baleiro a aínda tremía e berraba. Adrián, Pablo e Xavi collérona en brazos e puxérona no sofá para ver se melloraba. Eu propuxen ir buscar un vaso de auga para que se refrescara e erguinme e deille a chave da luz :

- Merda.- dixen.- a luz non encende, deberon saltar os plomos. Dá igual, vou cunha vela, veño agora.

Creo que a maioría non se enterou xa que estaban coidando de Cristina que non parecía mellorar, só Xavi se deu a volta e moi agarimosamente dixo :

- Vale, non tardes e ten coidado.

Metinme no corredor, a cociña estaba no fondo á dereita. Fun mirando as portas para estar segura de onde entraba. Ó fin cheguei á cociña e enchín un vaso de auga. Mirei o reloxo, eran as nove e dez, xa era de noite e na casa estarían preocupados. Co vaso de auga nunca man e a vela noutra volvínxo polo corredor. Oía os rapaces e a Cristina no salón pero pareime de súpeto xa que acababa de reparar nunha porta que de camiño á cociña non vira ¿estaría alí antes?. Chea de intriga deixei o vaso no chan ó carón da porta e abrín, iluminei aquela estancia coa vela.

Só alcanzaba a ver moi pouco pero souben que alí había unhas escaleiras. Aquilo era moi raro, parecía un soto, pero non podía ser, estabamos nun piso. Con curiosidade no corpo comecei a baixar as escaleiras atopalos

achegueime ata a casa de Xurxo ou do monstro, xa non sei como chamarlle. Entrei no piso mentres o corazón me latexaba rapidamente no peito. Aquilo baixaba moito, case non oía ós meus amigos pero ó fin cheguei abaixo. Era unha pequena sala circular chea de trastos e por curiosidade comecei a miralos. Debían ser unha sala chea de recordos xa que atopei unha morea de fotos aínda que en ningunha logrei identificar a Xurxo. Cando xa me ía quedouseme a correa do reloxo enganchada nun cravo que sobresaía da varanda das escaleiras. Intentei soltarme pero coa vela na man era moi difícil e queimeime no brazo e por riba apagouseme a vela. Non tiña luz, estaba en completa escuridade. Sentín medo e como que alguén me observaba. Ata aquel momento estivera tranquila xa que tiña a luz pero agora estaba presa do pánico. Sentín un ruído detrás de min e algo que parecía o respirar de alguén. Fortemente tirei da miña man que seguía enganchada. O reloxo rompeuse e caeu ó chan pero eu xa estaba libre, así que corrín escaleiras arriba. A porta estaba pechada e non abría de ningunha maneira. Xa non oía ós meus amigos e comecei a chamalos a berros : ¡Xavi! ¡Adrián! ¡Pablo! ¡Cris!. Pero ninguén respondía. Sentín que aquela presenza aínda se atopaba alí e con moito medo deime a volta. Algo que parecían dous ollos vermellos estaban no pé da escaleira e comenzaban a subir por ela. Todo esta escuro pero onde se atopaban aqueles ollos era unha escuridade maior, coma se se concentrase alí e aquel ser se achegaba a min lentamente cunha respiración axitada. Empurrei a porta con todas as miñas forzas, petei nela, berrei, chorei, ... Non podía deixar de pensar no ser que se achegaba a min e que non podía escapar. Cando estaba xa a uns metros de min o pomo da porta xirou e caín no chan do corredor. Parecía que acababa de voltar ó mundo real, pouco a pouco volvía a chegar o son dos meus amigos. Todos se achegaron a min :

- ¿Que che pasou? Non te atopabamos. Estabamos moi preocupados.- todos falaban comigo.

Xurxo acendeu a luz e dixo que xa a amañara, que saltaran os plomos ou non sei que. Todos estaban alí comigo, incluso Cristina que parecía estar recuperada. Conseguín sentar no chan e cando ía contarlles o sucedido reparei en que non estaba a porta pola que eu acababa de saír. Non entendía nada, había un momento eu estivera alí pero agora non había nada e fixeime no vaso de auga. Eu deixárao diante da porta antes de entrar e agora a porta non estaba pero si o vaso. Tiña que pensar no sucedido, xa non estaba segura do que pasara, así que dixeron que non me atopaba ben e pedínlle a Xavi que me achegase ata a miña casa. Todos dixeron que era moi tarde e que era mellor que marcháramos todos, así que nos despedimos de Xurxo.


Fun ata a miña casa con Xavi e conteille o que me sucedera, nel confiaba moito. Díxome que non sabía que opinar, que o vía todo un pouco raro, que non pensaba que mentía pero que o mellor era que descansase que mañá o vería todo doutra maneira. Contoume que Cristina pouco a pouco se puxera mellor na miña ausencia pero que non recordaba nada do que lle pasara. Cando chegamos á miña casa Xavi despediuse de min e marchou cara a súa. Despois só recordo que me acostei e quedei durmida e non espertei ata hoxe.

Hoxe todos me viñeron visitar e eu estiven contenta xa que o do outro día tomeino por imaxinacións miñas. A verdade é que tampouco falamos diso e o pasamos ben, ata veu Xurxo. Despois de pasar xuntos toda a tarde na miña casa dixeron que era moi tarde e que marchaban e daquela fiquei nalgo que me deixou sen respiración. O reloxo de Xurxo era exactamente igual ó que eu perdera na súa casa, recoñecino, sabía que era o meu. Quedei coa boca aberta mirando para el e os meus ollos coincidiron cos del, daban verdadeiro medo. Cando apartou a vista puiden ver un destello vermello nos seus ollos e naquel momento entendido todo. ¡Os meus amigos acababan de marchar cun monstro! El era o monstro do que nos falara o día anterior, el era o que se atopaba no soto, el era o que quedou co meu reloxo perdido, el era... el era o monstro. Sentín unha dor no brazo e mirei que me pasaba. Tiña unha queimadura. Naquel intre souben que do que me acababa de dar conta era verdade, que o que pasara no soto era real, xa que a queimadura non era outra que a que me fixera coa vela no soto. Collín o móbil e chamei ós meus amigos, tiñan que sabelo pero ningún me colleu o teléfono. Desesperada saín á rúa, chovía moito pero me daba igual. Pasei pola casa de Xavi, de Pablo, de Adrián e de Cris pero ningún chegara a casa. Nun último intento por e subin ó 3º, fun ata ó final do corredor. Pasei diante do 3ºA, do 3ºB, do 3ºC e do 3ºD, diante miña atoparía o 3ºE e salvaría ós meus amigos, estaba segura. Pero non había porta, non había ningún 3ºE alí. Agotada caín ó chan e diante de onde se supuña que tiña que estar a porta había catro teléfonos móbiles, os móbiles dos meus amigos. Todos tiñan unha mensaxe que dicía o mesmo:

Chegas tarde


Marta Grandal Fustes 3º Eso C

" CÓNTEME UN CONTO "




Ramona e Xoancino eran dous
 menos moi amigos que vivían
 nun barrio pobre de Argentina
 Chamábase Ula Carton.

Tían pouca comida e roupa,
 non tían zapatos nin roquetes
 pero tían moita imaxinación
 e alegría.



2º
 Marina F.M. 2º-B

OS INCRIBLES



Aitor López Lázaro
 Sofía González Soto
 2º B

Marina L. Filgueira Martínez
 Eduardo Ameneiro Rodríguez
 2º B

Francisco Mourente Bernardo
 Tamara Ameneiros Romero
 2º B


Rufo y el conejo



Érase una vez un
duende que se llamaba
Rufo y vivía en un bosque.



Un día llegaron unos
cazadores y los animales
se escondieron en sus casitas.



Un conejito que estaba
solo llamó a Rufo.
El dijo unas palabras mágicas, se



Entonces Rufo se convirtió
en un agro y los cazadores
se fueron corriendo.

Marina L^o

Martínez

2^o B

"El fantasma y el niño"



Hace muchos muchos años vivía un fantasma llamado Daniel.



Un pequeño niño llamado Manuel fue a visitar al fantasma.



El fantasma y el niño se hicieron amigos y cada mañana el niño



lo iba a visitar y así que como eran tan amigos decidieron vivir juntos.

Aitor López Lázaro 2ºB



mono que queria nadar

Había unha vez un mono recién nacido que foi lber ó mar. O mono escalou por unhas rochas e encontrou un polvo que lle agarrou da perra. O mono gritaba porque non sabía nadar e o polvo levou o mono á praia. Cando recuperou o sentido non quería ver o mar e o polvo levou o mono a súa casa para decirlle os pans do mono para preguntarlles se podía ir a aprender a nadar. O mono estaba moi contento porque o polvo ialle ensinar a nadar. O primeiro día de clase, o polvo dixolle que tiña que ter aletas e branquias para nadar. O final da clase non aprendeu nada. O mono e o polvo foron ver ó meigo do bosque, a meiga jillo que o mono se transformara nun golfinio. Así remata a historia do mono que quería nadar e acabou sendo un golfinio.



Lettres d'amour

Salut!

Je ne sais pas, je crois que je suis amoureuse.
La première fois que je te regardé, je suis timide, parce que tu es beau, souriant...
Adrian, es le meilleur!

Je t'aime!

Tu es le rêve que je veux toute ma vie.
Tu es celui qui m'inspire!
Hier j'ai rêvé avec toi. J'ai rêvé que nous
nous regardions dans la plage, le
couche de soleil et je me réveillait
de ce beau rêve parce que
réveil sonnait.

Laurita

4A

Heureux Saint Valentin.

- Avec cette phrase je veux te dire que en ces
mois que nous portons jointes, tu me fais très heureuse
- Je ne fais pas autre chose que penser à toi, jusque
je rêve de toi.
- Tes jeux warron, ta manière d'être tellement
gai, inquiet, optimiste... me fais me sentir vraiment
sûre à côté de toi.
- J'espère continuer avec toi beaucoup de temps.

Ne me quitte jamais!

Bisous

DO VOLCÁN DAS PALABRAS

Un día, cando chegamos ó colexio, atopámonos un volcán. Ó seguinte día, o volcán facía ruído e botaba fume de cores.

Todo era un xogo que consistía en escribir refráms, adinñas e cancións que facían a laza do volcán. Dalí a uns días vímolos na pista. Ó redor tiña foguetes, que cando encenderon as súas mechas, explotaron lanzando caramelos.

Entón, fomos todos os nenos a recollelos.




... de volcán saía lava vermella que tiña
nefráns, aduixas, trabalinguas, cancións...

Cada... gallo en su gallinero,
y cada ratón en su
agujero.



Isabella Díaz 6º B

En un café
se rifa un gato
al que le toques el número uíalo
1, 2, 3, 4




ALBERTO 5º A

Para Perico para Montesa
por las puertas del carabi-
nazo, para una para
dos para la madre de
Dios. Para un borriquito
blanco que reluce por
el campo.




Marce 3º A

Por ella sales,
por ella bajas,
y tú la tienes
aquí en tu casa.



Lidia Rivera Peix (La escalera)

Tengo agujas y no sé
coser, tengo números y
no se leen.



Andrea 4º B (reloj)

IA VOLCÁN

ESTOUPAUI!



We're green!

Do want to know what we do to be ecological in O Feal? Look!

¿Quieres saber que hacemos no Feal para ser ecolóxicos? ¡Fíxate!

RETHINK (Repensar) Before we buy things or use energy, we can think if it's really necessary.



Antes de mercar cousas ou usar enerxía, podemos pensar se é realmente necesario.

We only buy the necessary



Só mercamos o necesario

We only make copies when really need them



Só facemos fotocopias cando é imprescindible

If it's sunny, we put the blinds and switch off the light!

Se vai sol, levantamos as persianas e apagamos as luces




REDUCE (Reducir) We try to reduce the amount of energy or things that we use.



Tentamos reducir a cantidade de enerxía ou cousas que usamos.


We close the windows and the door to keep the heat.

Pechamos as fiestras e a porta para manter a calor.



We switch off the lights when we leave the classroom.

Apagamos as luces cando saímos da clase.



We switch off our mobile phones to reduce electromagnetic pollution.

Apagamos os teléfonos móbiles para reducir a contaminación

electromagnética.

REUSE (reutilizar) We try to reuse things.

Tenta mos reutilizar as cousas



We reuse paper.



Reutilizamos o papel

We reuse chalk.



Reutilizamos as tizas

We reuse cans to put pens in them.



Reutilizamos as latas para poñer os bolis.

RECYCLE (reciclar)

After reducing or reusing things, we recycle them.



Despois de reducir ou reutilizar as cousas, reciclámolas.

We recycle paper, only paper! Remember, no plastics or kleenex...



Reciclamos papel, só papel! lembra, nin plásticos, nin kleenex.



We mustn't shrug the paper to recycle.

O papel para reciclar, non debe ir enrugado.

We recycle batteries. Did you know that only one button battery can pollute 100.000 litres of water?



Reciclamos pilas. Sabías que unha soa pila de botón pode contaminar 100.000 litros de auga?

A poboación de Narón nos últimos dez anos

O noso concello de Narón forma parte da comarca de Ferrolterra, sendo na actualidade a maior área de expansión urbana.

Sitúase entre os nove concellos máis poboados de Galicia e é o cuarto na provincia da Coruña

O seu territorio ten uns 66 Km² e debuxa un perímetro irregular dende Ferrol ata a parroquia do Val.

A poboación de Narón repártese moi desigualmente entre trece parroquias que conforman o concello, estando moito máis poboadas as seis que constitúen o casco urbano, mentras que as rurais soportan unha densidade de poboación moi inferior, oscilando as súas densidades entre 72 e 172 hab/Km². Esta desigualdade apréciase se temos en conta que a poboación da zona urbana representa el 80% del total, e a da zona rural só supón o 20%. A densidade media do concello é de 482 hab/Km².

Esta desigualdade na distribución responde ó proceso urbanizador a partir dos anos 50, que selimitou exclusivamente as actuais parroquias urbanas, sen que o resto de visen afectadas, e mesmo perderon poboación durante estes anos.

Parroquias

Zona Urbana




Zona rural



Analise da gráfica:

Ano	Poboación
1997	31207
1998	31086
1999	31108
2000	30328
2001	29466
2002	29263
2003	33825
2004	34404



- Pódese observar unha primeira etapa ata o ano 1996 no que hai un aumento progresivo (a razón duns 1000 habitantes por ano).
- Entre o ano 1996 e 1999 obsérvase que se mantén estable sen grandes cambios, a poboación do concello sempre está por riba dos 31000 habitantes. Pasando de ser 31000 habitantes a uns 29000 habitantes.
- Do 1999 ao 2002 obsérvase que descende o número de habitantes no concello de maneira progresiva. Isto supuxo un descenso aproximado de 2000 habitantes.
- Por último, entre o 2002 e o 2004 obsérvase un ascenso moi importante: dos 29263 habitantes pasamos aos 34404. Este incremento foi duns 5000 habitantes; especialmente entre os anos 2002 e 2003 nos que se incrementou a poboación uns 4000 habitantes.
- En conclusión, pasamos do 1994 en que tiñamos 29152 habitantes a ter no ano 2004, 34404 habitantes no concello.
- O forte incremento dos últimos anos explícase probablemente, porque é moito máis barato o solo en Narón que en Ferrol, ademais tamén se observou o aumento dos postos de traballo no concello de Narón co desenvolvemento dos polígonos industriais.
- O "boom" inmobiliario é algo moi recente neste concello. Hai uns 5 ou 6 anos facíanse moitos menos pisos que nos últimos tempos.

Testamento de Antroido - 2005

Xa chegou de novo o Entroido,
xa me queredes queimar;
ieste ano estou tan guapo!
ipodiadesme salvar!

Mais vexo que non hai trato,
que estades moi apurados ;
pois aí vai o testamento,
que o teño xa preparado.

Como este ano caeu
o entroido xunto ao Nadal,
vouvos dexar os xoguetes
que vos deben de faltar.

Os de infantil herdarán
unha bici e mais un tren,
para levar as carteiras
e que poidan andar nel.

Un balón e unha consola
a primaria deixarei;
así xogarán sentados
e despois irán correr.

Aos de primeiro da ESO
pistollas e tirachinas,
e que veñan do recreo
sen gota de adrenalina.

Para segundo da ESO
só un puzzle quero deixar,
para que aproben o curso
sen pendentos que colgar.

Uns papaventos de cores
herdarán os de terceiro,
a ver se tomando o aire
se lles despexa o cerebro.

Como creo que vén Fraga
a explicar algo de sexo...
aos rapaciños de cuarto
traigo globos e bonecos.

E vexo que hai curso novo
están os de garantía;
para eles deixo "petardos"
que vexo é o que lles tira.

Vou comenzando cos profes
que neles tamén pensei,
déixolles unhas buxainas.
¿Credes que os marearei?

Ao equipo directivo
lego un "kit" de ferramentas
para que coiden do centro,
ipor se acaso lles rebenta!

Agora voulle a deixar
algo "chulo" a ese conserxe,
como sempre anda con présa
penseivos nun patinete.

De Mercedes non me esquezo
para ela teño un piano,
icómprelle cambiar de tecla
o que queda desde anol.

Aos pais voulles repartir
Lunnis de Luna Lunera,
e que fagan a excursión
a Lúa, lonxe da Terra.

Por último, como vos Reis
vouvos deixar o carbón,
para queimar na caldeira
se quedades sen gasoil.

Lamento terme que ir
axiña e sen ir votar
iiDeixádeme quince días
a vós que máis vos terál!

Ese lume que prendedes
consigo se vai levar
os males todos do ano,
pero vai contaminar.

Mais vos valia deixalo,
para facer uns chourizos;
celebrando que Letizia
tivese por fin un fillo.

Se non queda mais remedio
tereime entón que marchar.
¡Que pasedes ben o ano!
¡Que o lume me queime xa!




O Enigma de Rómulo e Remo

As lendas romanas atribuían a fundación de Roma a dous irmáns xemelgos chamados Rómulo e Remo. Estes foron abandonados ao pouco de nacer, nun cesto de vimbio, no río Tíber, onde unha loba os atopou. Os nenos foron amamantados polo animal e criados por un pastor e a súa muller.

Ao convertirse en homes fundaron esta cidade onde Rómulo pelexou co seu irmán dándolle a morte e proclamándose primeiro rei de Roma.

Nós coñecíamos esta historia, pero ¿como ía amamantar unha loba a dous rapaces? Entón decidimos indagar...buscamos a orixe da palabra "loba" en distintos medios. Achamos que en latín correspóndese coa palabra LUPA e , ¿sabedes que significa?: loba, ramera, muller pública. Pero non rematamos aquí, continuamos investigando na enciclopedia, e o que encontramos isorprendeunos aínda máis! a palabra LUPANAR significa burdel, prostíbulo. Nese momento escomezamos a razoar de onde veñen certas expresións referidas a mulleres de vida lixeira como: "Está feita unha loba"



Agora temos un problema, non sabemos que historia crer ¿Con cal vos quedades?

Marta Arias, M^a Carmen Fernández, Arantza Rivas, Gemma Sánchez, Pili Villar
Cultura Clásica - 4^oB



GEMS
DIRECCIÓN



SANDRA
EFECTOS ESPECIALES



ALBA
FOTOGRAFÍA



MARTA
ESCENARIOS

EXTRAÑAS DESAPARICIONES



UN INSTITUTO NORMAL, EN UN PUEBLO NORMAL, DONDE ESTÁN A PUNTO DE OCURRIR COSAS NO TAN NORMALES.



HACE UNOS DÍAS QUE NO SE NADA DE LUCÍA Y ESTOY PREOCUPADA. ¿SABEIS ALGO DE ELLA?

PUES NI IDEA, NO LA HE VISTO.

22/01/2005



DÍAS DESPUÉS...

ESTÁ FALTANDO MUCHA GENTE, ¿NO?

22/01/2005



¿PODEMOS HABLAR UN MOMENTO? ES SOBRE LAS DESAPARICIONES DE ESTOS DÍAS...

SANDRA, GEMA, MARTA Y ALBA COMENZARON A INVESTIGAR LAS DESAPARICIONES.

22/01/2005





ALBA Y SANDRA NO CONTESTAN. ¿DONDE ESTARÁN?

A LA VUELTA DEL RÉCREO ALBA Y SANDRA NO REGRESAN A CLASE.



SUSO ENTRA DE FORMA SOSPECHOSA EN EL AULA DE PLÁSTICA CON LA CHAQUETA DE SANDRA EN LA MANO...

22/01/2005



Taller de nais e pais - Infantil

¡Ola amigos!

Somos os nenos de 5 anos de Educación Infantil.

Este curso estábamos moi contentos, porque mamá e papá puideron vir ó colexio e traballar con nós no taller.

A nosa mestra Pilar, creou no colexio o "Taller de nais e pais" y comenzamos a traballar todos:

- No "Taller do Nadal" fixémoslos peixes, e a ambientación para a panxoliña "Los peces en el río"
- No "Taller de Entroido" fixémoslos disfraces de Magos.
- No "Taller de Lóxica-matemática" fixémoslas regretas para que puideramos traballar con elas e aprender a sumar e restar.
- No "Taller de teatro" os disfraces para a actuación do poema de Gloria Fuertes.

Como seguramente non coñeces ás mamás e papás viñeron o colexio ímosvolas presentar:



Aquí están no taller as nosas mamás e papá traballando

Falan as nosas nais

Josefa Pena

As granxas de polos

-¿Ten vostede unha granxa de polos?

Si.

-¿A granxa de polos e súa o ten alugada?

Teñoa alugada.

-¿Con que idade lle traen os polos?

Tráenme polos dun día.

-¿Que comen os polos?

Comen pienso que trae a empresa NUTRIGAL.

-¿Cantos polos lle traen?

Traenme máis ou menos 10.000 polos.

-¿Cando lle levan os polos?

Lévanmos máis ou menos con dous meses de idade.

-¿Que empresa lle leva e lle trae os polos?

Traemos e levamos a empresa APEMASA.

-¿En que lle veñen a buscar os polos?

Veñenmos a buscar nun camiión da empresa.

-¿Lévanlle e sácanlle os polos todos xuntos?

Non, solenmos levar e sacar en dúas ou tres veces.

-¿Sácanlles eles?

Non, temos que ir axudarlles.

-¿Para onde lle levan os polos?

Despois de sacalos, lévanos ó matadeiro e despois lévanos para vender.

Maricarmen Ramil Criado.

Aux. Administrativa.

"As mellores, sendo un colexio público"

-Se chegases a un colexio, ¿cal sería a maior diferenca co colexio da túa época?

A primeira vista compartir aula nenos e nenas. Na miña época estudiábase por separado ata chegar á universidade.

-¿Cal é o teu mellor recordo daquela época?

Cando nos examinamos de 6º de Reválida e fomos as mellaes, sendo un colexio público.

-Aparte dos estudos, ¿Que máis vos ensinaban?


Desde redactar unha carta, cubrir un xiro postal, resumir un telegrama... Cousas que daquela necesitaríamos para a nosa vida cotiá. Hoxe cos móbiles e as tarxetas bancarias son métodos desfasados, pero esas fórmulas axudáronme a expresar mellor a linguaxe.

-¿Que recordas dos recreos?

Aproveitábamolos ó máximo, desde o primeiro minuto ata que soaba o timbre. Os xogos eran por etapas. Nós xogabamos á corda, á goma, á chapa, ó brilé, a quedas...

-¿Que diferencias observas cos alumnos de hoxe en día?

A falta de interese dos alumnos de agora, daquela os estudantes estábamos moito máis unidos. Tamén levabamos con orgullo o centro no que estudiabamos, cando competiamos con outros centros esquecíanse as diferencias que podía haber entre nós.



¡RIING!

¡QUE PUEDES!

¡QUE INTERESA TE!

¡QUE ES LA CASA!

¡QUE ES LA CASA?

¡ES!

¡POR FIN TENGO UNA CASA GRAN DE Y MUY BARATA.

¡AAHH!

¡ME TENDRÉ QUE CONFORMAR CON ESTA CASA TAN PEQUEÑA.

¡ESTO ME PASA POR COMPRAR EN LAS CASAS TAN BARATAS!

Título: Una casa demasiado barata

Nombre: Adrián Álvarez Piola

Nº1 1ºB



un día se decidan a leer un libro pero por confusión cogieron un libro que pertenecía a los Dioses: sus peores enemigos




¡oh! No puede ser Hemos reconocido a nuestros peores enemigos! ¿que vamos hacer?

¡lucharemos contra ellos!



Este si que es un buen libro.

Tres brujas viven en New York



Ahora nos vengaremos de los que nos hicieron.

¡Ha que me esperabas! Hoy me vengare!



¿que pasa?


oh nooooo

¡nos tememos poderlos!

¿cuan fue?

¡que horremos!

¡que que fue la Diaba



POW TUM

¡Ha me puede ser!

Con 3 sopas y una cubitera se convierte para siempre en una piedra

El rayo rebota por el espejo y la bruja se convirtió en una piedra.

CHAS CLAS

¡oooo-oooo-ooo

Tsunami: crónica da desesperación

Laura Molero Rodríguez 4ºA

Busco a miña familia entre tantos cadáveres.

Non sei se os encontrarei, xa que enterraron a moitos deles en fosas comúns por medo a unha gran epidemia.

Máis xente coma min busca o seu fillo e o seu marido, queremos encontralos pero é unha tarefa difícil, imposible.

A Cruz Vermella di que debido á calor e á humidade pronto se producirá un aumento de mosquitos e como consecuencia: febre tifoide, dengue e malaria. Non saberei que facer coa miña vida.



Agora refúxiome nun templo, xa que non os levou por diante o devastador tsunami. A penas queda comida, o sal das xigantescas ondas deixou inutilizados os campos de cultivo e, por se iso fose pouco,

fixo que a auga dos pozos xa non sexa apta para o consumo humano.

Non teño casa, non teño... ¡A MIÑA FAMILIA!

Todo o levou o tsunami. Estou soa, non teño ninguén...

*E o peor é que non saberei onde repousan os corpos dos meus.
Iso é o mais triste... Aquelas ondas devastadoras arrasaron co único
que quería...*

Por que non me levou con eles o tsunami?

Para estar así prefería irme con eles...

*Recordo... Recordo aquelas ondas que se
acercaban pouco a pouco cara a costa a
unha gran velocidade. Eu traballaba nun hotel lonxe de alí pero
aínda así vino. Pouco a pouco chegaban e arrasaban con todo o
que se lles poñía no camiño.*

Foron moi duras esas imaxes e resulta moi duro recordalas.

¡MEU FILLO! Ten o corpo e a cara case irrecoñecibles...si...

É el, non hai dúbida...



¿Que me está sucedendo? ¡Non podoo re..ss...pi rar!

Si, é certo, deixou de respirar e de latir o seu corazón... Sufriu un shock e alí no medio da rúa xace o corpo dela co seu fillo en brazos.

Non habería tantos mortos se non se tratase do Terceiro Mundo. En Xapón aos nenos na escola se lles dá formación

para calquera problema de movementos sísmicos, ademais as casas constrúense cunha estrutura máis resistente, e en cambio, no sueste asiático ao ser unha zona terceiromundista non hai diñeiro para organizaren estas causas.

Reflexiono sobre a axuda internacional:

Por que os países máis ricos non poden ser máis solidarios para previr estes problemas en vez de esperar a axudar cando suceden as desgracias?

Por que ter que gastar en guerras absurdas?

Por que se lle presta máis atención aos mortos brancos que aos mestizos e aos negros?

Se ao fin e ao cabo... todos somos iguais.

Ou non tan iguais?



Os Xogos de Rol



Os xogos del rol non son coma moita xente pensa, algo diabólico. Son un xogo, coma outros. Non todos son iguais: nalgúns manexas só un persoeiro; noutros un grupo e noutros todo un exército. E mesmo hai xogos de rol de O Señor dos Aneis.



Os máis populares son Warhammer y Warhammer 40.000 (exércitos de miniaturas pintadas ou sen pintar). No Warhammer controlas un exército armado con espadas, mazas, arcos e lanzas... dirixido por bruxos e máis heroes. Hai moitos exércitos diferentes: Ananos, Elfos Silvanos, Altos Elfos, Orcos e Goblins, Imperio (homes), Bretonia(homes), Elfos Escuros, Reises Ogros, Hordas do Caos (homes e demos), Homes-bestia, Homes-rata, Homes-lagarto, Reis Funerarios (Esqueletos e momias) e Condes

Vampiro (homes e vampiros). Todos son soldados con distintas armas e armaduras. Tamén se poden usar máquinas da guerra: cañóns e catapultas.

Os bruxos forman parte dos persoeiros do exército (heroes e comandantes). Son maus en combate, e os seus feitizos son moi destructivos. En todolos exércitos hai que ter un xeral, que soe ser a mellor miniatura do exército. Os heroes son bruxos competentes e guerreiros famosos e de alto rango. Os comandantes son poderosos e fortes guerreiros, representantes de altos cargos coma os kaudillos orcos, os archimalos Elfos ou os duques de Bretonia.



Tamén están os persoeiros especiais, guerreiros e magos únicos coma o Rei Anano Alrik Ranulfsson ou o Kaudillo orco negro Grimgor Pel'Ferro

Xogar e moi doado. Só fan falla uns dados, unha regra, o regulamento e unhas poucas miniaturas. Vai por turnos. En cada turno hai varias fases: movemento , disparo, maxia e combate. Na fase de movemento moves as miniaturas ata un punto, na de disparo tentas de debilitaren ó outro exército cos arqueiros e as máquinas da guerra, na de maxia , usas os feitizos para debilitalo aínda máis ou para reforzalo teu, e na de combate, resolves os enfrontamentos usando os dados e mirando no regulamento se conseguiches matar algún inimigo.

O Warhammer 40.000 é, o mesmo, aínda que as armas dos soldados son láser, no lugar de catapultas, tanques e, no sitio da caballería están soldados en motos espaciais. Nos exércitos hai: Marines Espaciais (homes alterados xenéticamente, para ser máis fortes, Irmáns da Batalla (mulleres), Garda Imperial(homes), Eldars, coma os Elfos, Tiránidos (aliens), Orkos e Marines especiais do Caos. A forma de xogar é tamén moi parecida.

Hai outros xogos de rol, pero estes son , sen dúbida, ós que máis xente xoga.

Sergio Freijomil Ramil. 2ºC

Cociñar é doado

Potaxe de espinacas

Sandra Yáñez Torrente - 2°C

Ingredientes:

1 mada de espinacas
1 lata de pementos vermellos
1 cenoura
1 bote de tomate esmiuzado
1 bote de garavanzos cocidos
Aceite
1 dente de allo
Sal

Preparación:

Lávanse as espinacas e córtanse en anacos medianos. Pártense as cenouras en toradas. Nunha cazola refogamos con dúas culleradas de aceite, o dente de allo picado e o pemento, con un chorro de tomate esmiuzado e a cenoura. Cando estea pochado engadimos o bote de garavanzos e as espinacas, deixando cocer todo xunto un cuarto de hora.

Polo con patacas ó estilo Diego

Diego Lago Aneiros - 2°C

Ingredientes:

1 polo
1 vaso de aceite
un puñado de chícharos
1 Kg de patacas
1 vaso de viño branco
2 cenouras

Preparación:

Lávase o polo, ponse a escorregar. Engádese sal e allo. Doúrase nunha tixola. Despois engádese o vaso de viño branco, as cenouras e os chícharos. Lávanse as patacas, córtanse a cadradiños e engádense ao guiso e déixase cocer até que estea o polo terno.

Tarta de chocolate caseira.

Nuria Romero Pena - 2°C






Ingredientes:







1 sobre de flan
 $\frac{1}{2}$ litro de leite
3 ou 4 cucharadas de sucre
Chocolate (derretido en auga)
Galletas (2 capas)
Viño doce ou zume de laranxa

Facer o flan. Desfacer o chocolate en auga. Mollar as galletas en viño doce ou en zume de laranxa. Alternar capas: galleta, flan, chocolate, galleta... Meter ó frigorífico unhas cantas horas, adornar con fideos de cores.

Preparación

HORÓSCOPO

 <p>ARIES (21/3- 20/4)</p>	 <p>CÁNCER (22/6-21/7)</p>
<p>Colegas: Coidado con esa arpía da que xa estás moi canso. criticaranche sen razón pero o vas descubrir a tempo.</p> <p>Rollos: Líos, líos, líos; esta é a túa época e será súper movidita e acabanche deixando bo sabor de boca.</p> <p>Saúde: Se te sentes sen forzas sal a pasear ó can, ou a pasear co teu curmán pequeno (se o tes) seguro que te senta moi ben.</p> <p>Cole: Pasarás unha quincena moi boa. entre exames, amigos e profesores aproveita!!!</p> <p>Pasta: Normalmente non despilfarras o teu diñeiro pero esta semana o poderías facer, ten moito coidado e aforra para ese trapiño que che gusta tanto.</p> <p>Día guai: 4 Día chungo: 29</p>	<p>Colegas: Estarás de sorte esta quincena. Non haberá malos rollos entre os amigos</p> <p>Rollos: O sol entrará na túa relación para atrapar o mellor momento da vosa aventura co teu chico. Pero non te fíes: pode aparecer unha terceira persoa ó final deste mes</p> <p>Saúde: Ten moito coidado coas bromas pesadas que podes sufrir por parte dos teus colegas</p> <p>Cole: Intenta superar a túa timidez nas clases e sal voluntario e verás como as cousas saen mellor. ¡Lánzate!!</p> <p>Pasta: Pórtate ben na casa e recibirás propinas</p> <p>Día guai: 24 Día chungo: 2</p>
 <p>TAURO (21/4-20/5)</p>	 <p>LEO (22/7-21/8)</p>
<p>Colegas: Para tauro é moi importante a amizade pero deben ter coidado e non deben confiarse demasiado cedo coa xente porque pode ter dúas caras. Non debes ser demasiado sincera porque pode sentar mal.</p> <p>Rollos: Ten coidado coas persoas que che contan cousas sobre a túa parella porque teñen envexa e querenán inmiscuirse na túa relación. Se non tes noivo ou noiva ten paciencia porque esa persoa pola que suspiras ó final se interesará por ti.</p> <p>Saúde: Normalmente es de saúde forte e poucas veces enfermas pero ten coidado coas escapadiñas e os fines de semana aloucados porque poderás ter resacas "fortes".</p> <p>Cole: Pon as pilas e non te confíes porque pode saírche mal.</p> <p>Pasta: Os teus pais están hasta "os mesmos" de darche sempre diñeiro.</p> <p>Día guai: 15 Día chungo: 30</p>	<p>Colegas: Escoita o que te van propoñer porque va-lo "flipar".</p> <p>Rollos: Estarás tan sensual esta quincena que non se che vai escapar ningún chavalito.</p> <p>Saúde: Corre a mercar o teu "body milk" e relucirás</p> <p>Cole: Deixa de ligar tanto e céntrate mais nos teus estudos e nas clases.....o notaralo ó fin do curso</p> <p>Pasta: ¡Coidado! Tes diñeiro pero non o malgastes.....vaiche facer falta.</p> <p>Día guai: 19 Día chungo: 22</p>
 <p>XÉMINI (21/5-21/6)</p>	 <p>VIRGO(22/8-22/9)</p>
<p>Colegas: Tes un montón de amigos porque coa túa capacidade de sociabilidade chegarás a vivir todo tipo de experiencias con xente diferente.</p> <p>Rollos: Terás diversidade de relacións tanto románticas como aloucadas; e que, no amor tamén tes dúas caras.</p> <p>Saúde: Tanta "axitación" traerán un pouco de estrés e cansazo. Procura relaxarte nun balneario ou irte de viaxe a Marrocos.</p> <p>Cole: O peloteo ós profes pode non funcionar. Gáñate as cousas por méritos propios.</p> <p>Pasta: ¡Anímate! Cunha pequena axuda dos teus pais recibirás unha recompensa para as saídas nocturnas.</p> <p>Día guai: O principio do verán. Aproveita todas as festas.Día chungo: Última semana do curso</p>	<p>Colegas: Vas coñecer moita xente nas festas do verán. Tal vez algún estranxeiro.</p> <p>Rollos: Aproveita que é verán para ter moitos amores fugaces que por sorte non vas volver a ver.</p> <p>Saúde: Estás en plena forma para surfear en Pantín.</p> <p>Cole: Por fin remata a terceira avaliación. Aproveita a estudar agora ou égustaríache estudar en Agosto?</p> <p>Pasta: Vai aforrando para o verán porque vas ir a moitas festas.</p> <p>Día guai: Aproveita todo o día 4. Día chungo: Quédate na casa o día 10.</p>

 <p>LIBRA (23/9-21/10)</p>	 <p>CAPRICORNIO (22/12-20/1)</p>
<p>Colegas: Terás un malentendido pero ó final todo se arranxará.</p> <p>Rollos: Como sexas tan esixente contigo a túa parella vaise cansar. Acéptate como es.</p> <p>Saúde: Estás nun bo momento xa que chega o verán e iso anímate por dentro e por fora.</p> <p>Cole: Eses exámenes tan difíciles da profe de mate tráenche de cabeza. iollo! ou quedarás todo o verán sen saír.</p> <p>Pasta: Xa compraches ese pantalón tan guapo de Odeón así que agora aforra un pouquiño.</p> <p>Día guai: 23 Día chungo: 1</p>	<p>Colegas: Terás que dicirlle esa cousa que tanto che costa dicirlle ó teu mellor amigo aínda que saibas que non lle sentará ben.</p> <p>Rollos: A fin de semana pasada foi moi movido e terás que darlle explicacións á túa parella do que pasou. O voso non vai acabar moi ben.</p> <p>Saúde: Estás feito unha trapallada.....cóidate máis.</p> <p>Cole: Terás que estudar un pouco máis.</p> <p>Pasta: Aforra moito para sacar o carné.</p> <p>Día guai: 10 Día chungo: 15</p>
 <p>ESCORPIO (22/10-22/11)</p>	 <p>ACUARIO (21/1-19/2)</p>
<p>Colegas: Montade unha festa para coñecer xente e pasádeo a tope.</p> <p>Rollos: Bo momento praa conseguí-las túas metas. Bastará cunha mirada para seducilo.</p> <p>Saúde: Despois de tanta juerga chaga a resaca. Descansa un pouquiño durante a semana seguinte.</p> <p>Cole: Andas un pouco enfermiño pero pasará.</p> <p>Pasta: Mólache moito ir de compras pero hai que controlar porque se non acabarás sen euros para saír.</p> <p>Día guai: 19 Día chungo: 7</p>	<p>Colegas: Ese pique coa túa amiga vaise solucionar gracias a que por fin falaches con ela, en vez de criticala e poñela verde.</p> <p>Rollos: Mellor que fagas como o teu mozo e te lées con todo o que se mova.</p> <p>Saúde: Se baixan as túas defensas por culpa dos exames non te preocupes, só tes que tomar actimel que ten moita L-cassei-inmunitas.</p> <p>Cole: Ten coidado cos profes, algún día pillarante detrás das árbores ou do pavillón</p> <p>Pasta: Non gastes tanto diñeiro en roupa, que ó fin quedarás a dúas velas para a fin de semana</p> <p>Día guai: 3 Día chungo: 29</p>
 <p>SAGITARIO (23/11-21/12)</p>	 <p>PISCIS (20/2-20/3)</p>
<p>Colegas: Vaste sentir un pouquiño celosiña porque unha das túas colegas está empezando a saír con outros amigos.</p> <p>Rollos: Non sabes se queres a ese rapaz o suficiente. Fala con el e cóntalle todo.</p> <p>Saúde: Estás moi ben de saúde pero baixarán as túas defensas.</p> <p>Cole: Es moi rápido aprendendo. Hai xente que non ten a mesma sorte.</p> <p>Pasta: Estarás un pouco escasa de diñeiro.</p> <p>Día guai: 8 Día chungo: 15</p>	<p>Colegas: Animarante pase o que pase porque saben que o mereces.</p> <p>Rollos: Coñecerás a alguén moi especial nalgunha festa.</p> <p>Saúde: Terás unha pequena molestia. Posiblemente por facer deporte.</p> <p>Cole: O teu é ter o dicsman en clase a todo volume, comendo pipas pero logo chegan as consecuencias.</p> <p>Pasta: Non mandes tanto mensaxes de texto ou fundirás o saldo.</p> <p>Día guai: 12 Día chungo: 1</p>

Fotos para lembrar



6º de Primária - A

Estes son os nosos alumnos que este ano acaban Primaria



6º de Primária - B



4º ESO - A

Estos son os nosos alumnos que este ano acaban Secundaria



4º ESO - B



4º - DÍV

Pili García



Estes son os nosos profes,
de Sociais e Plástica,
que tamén se nos marchan,

aínda que agora
un pouco máis crecidiños.



Suso Basterrechea

